

DATA	20/01/2010
Nº	75

1024 RBF

Examinado o expediente tramitado para a contratación do servizo denominado "Seguro de responsabilidade civil e patrimonial do Concello de Culleredo", a adxudicar mediante procedemento negociado.

ANTECEDENTES

1. O 21 de decembro de 2009, mediante a resolución nº 2386, da Concelleira Delegada de Economía, Facenda, Réxime Interior e Seguridade, procedeu á adxudicación provisional á empresa MAPFRE EMPRESAS, con CIF A-28204006, e o día 23 de decembro de 2009 procedeuse á súa publicación no perfil de contratante do órgano de contratación.

2. No prazo establecido, a empresa acreditou estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, achegou o xustificante de estar dado de alta no Imposto sobre Actividades Económicas e a declaración xustificativa de estar exento do pagamento do Imposto sobre Actividades Económicas, o documento acreditativo de ter constituído a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido e a documentación acreditativa da efectiva disposición dos medios que se comprometen a dedicar ou adscribir á execución do contrato.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1. O artigo 153 da Lei 30/2007, pola que se aproba a Lei de contratos do sector público (en adiante, LCSP), establece que no procedemento negociado a adxudicación recaerá no licitador xustificadamente elixido polo órgano de contratación, tras efectuar consultas con diversos candidatos e negociar con eles as condicións do contrato.

2. O artigo 135.4 LCSP establece que a adxudicación provisional deberá elevarse a definitiva dentro dos dez días hábiles seguintes a aquel en que expire o prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte a aquel en que a adxudicación provisional se publique no perfil de contratante do órgano de contratación, sempre que o adxudicatario presentara a documentación sinalada e constituíse a garantía definitiva.

DATA	20/01/2010
Nº	75

En base a todo o que

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Declarar a validez do acto celebrado e adxudicar definitivamente o servizo de "SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL E PATRIMONIAL DO CONCELLO DE CULLEREDO", á empresa MAPFRE EMPRESAS, con CIF A-28204006, por ser a que presenta unha mellor oferta considerando os aspectos de negociación establecidos, fixando o prezo en 30.622,77 €.

SEGUNDO.- Requirit ao adxudicatario para que, dentro do prazo de 10 días hábiles contados dende o seguinte á recepción da notificación deste acordo compareza para a firma do contrato.

TERCEIRO.- De conformidade co disposto polo artigo 137.1 LCSP, notificar a presente resolución aos licitadores e publicar a adxudicación definitiva no perfil de contratante do órgano de contratación.

CUARTO.- Nomear responsábel técnico dos traballos a Roberto Babío Fernández, xefe de servizo de economía e facenda, ao que corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias coa fin de asegurar a correcta execución da prestación pactada.

QUINTO.- Dar conta da presente resolución á intervención municipal.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 117.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo

DATA	20/01/2010
Nº	75

transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 117.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses.

Culleredo, 18 de xaneiro de 2010
A proposta de
O xefe de sección de xestión
orzamentaria

Conforme coa proposta, elévase a resolución
Culleredo,de de 2010
A concelleira delegada de economía, facenda,
réxime interior e seguridade

Asdo/ Roberto Babío Fernández

Asdo./ Alicia Ferreiro Varela
(Resolución nº 1210/07 de data 2 de xullo de 2007; BOP nº176 , de
1/8/2007)

Dou fe,
O Secretario Xeral

Intervenido e conforme,
A Interventora Xeral

Asdo/ Raul Martínez Martínez

Asdo/ Ana M^a Prieto Martínez